

## **O Colectivo RPM anuncia as e os artistas seleccionada/os para as Residencias Paraíso 2024**

**O programa de residencias artísticas para a danza e as artes vivas pioneiro en Galicia contará en 2024 con Sergio Marey, Fran Rodríguez & Brais Pombo, Ana Cotoré, Desgarradura, Noela Covelo Velasco & Élise Moreau, Cris Balboa, Lucas Damiani, José Ramón Hernández / Osikán - vivero de creación e Furia Sotelo como ‘Artistas Paraíso 2024’**

**As residencias artísticas desenvolveranse entre abril e outubro de 2024 no Pazo da Cultura de Narón, o Pazo da Cultura de Carballo, a Casa da Cultura de Vimianzo, o Vello Cárcere de Lugo, a Cidade da Cultura de Santiago de Compostela, o Salón Teatro do Centro Dramático Galego en Compostela, o Pazo da Cultura de Pontevedra e a Igrexa da Madalena de Ribadavia**

**Paralelamente, as e os artistas residentes seleccionadas e seleccionados participarán nun encontro anual promovido polo Colectivo RPM que terá lugar os días 20, 21 e 22 de setembro na Illa de San Simón**

**O proxecto, impulsado por RPM, conta co financiamento da Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega das Industrias Culturais, e das distintas institucións coprodutoras do programa: Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua do Concello de Lugo, Concello de Pontevedra, Concello de Vimianzo, Concello de Carballo, Concello de Ribadavia e Fundación Cidade da Cultura de Galicia**

**Galicia, 1 de abril de 2024.-** As Residencias Paraíso –un programa anual de residencias artísticas para a danza e as artes vivas pioneiro no noso territorio– contan xa coas e cos artistas seleccionadas e seleccionados para a súa oitava edición, que se desenvolverá ao longo deste 2024 en nove espazos de toda Galicia. Entre os 203 proxectos recibidos na actual convocatoria, o Colectivo RPM –entidade independente dedicada ao impulso da danza e a creación contemporánea en Galicia– ven de seleccionar a Sergio Marey, Fran Rodríguez & Brais Pombo, Ana Cotoré, Desgarradura, Noela Covelo Velasco & Élise Moreau, Cris Balboa, Lucas Damiani, José Ramón Hernández / Osikán - vivero de creación e Furia Sotelo como ‘Artistas Paraíso 2024’.

A comisión encargada da selección de proxectos destas Residencias Paraíso 2024 estivo formada por un total de cinco profesionais do sector: Bea Fernández (artista e responsable de La Poderosa en Barcelona), Bal Castro (artista galego, artista Paraíso 2023), Lola Correa (comisaria independente galega), Félix Fernández (artista e co-coordinador de Residencias Paraíso) e Caterina Varela (artista e directora de Residencias Paraíso).

O programa Residencias Paraíso 2024 diríxese a artistas de Galicia, España e Portugal, con maior ou menor traxectoria, que precisen recollerse de forma intensiva arredor dun proxecto

de investigación ou creación durante dúas ou tres semanas. A iniciativa conta cun importe total de 22.000€ e, neste 2024, acollerá 9 propostas en residencia –cunha dotación económica de entre 1.500 e 3.000€ (impostos incluídos) cada unha– para favorecer as distintas fases do proxecto artístico seleccionado, desde a investigación, a escritura, o traballo dramaturxico, a creación coreográfica ou, tamén, as residencias de carácter técnico.

As residencias artísticas desenvolveranse entre abril e outubro de 2024 no Pazo da Cultura de Narón, o Pazo da Cultura de Carballo, a Casa da Cultura de Vimianzo, o Vello Cárcere de Lugo, a Cidade da Cultura de Santiago de Compostela, o Salón Teatro do Centro Dramático Galego, o Pazo da Cultura de Pontevedra e a Igrexa da Madalena de Ribadavia. Paralelamente, as e os artistas residentes seleccionadas e seleccionados participarán nun encontro anual promovido polo Colectivo RPM que terá lugar os días 20, 21 e 22 de setembro de 2024 na Illa de San Simón.

O proxecto Residencias Paraíso, impulsado por RPM, é un programa interinstitucional que conta co financiamento da Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega das Industrias Culturais, e das distintas institucións coprodutoras do programa: Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua do Concello de Lugo, Concello de Pontevedra, Concello de Vimianzo, Concello de Carballo, Concello de Ribadavia e Fundación Cidade da Cultura de Galicia.

#### PROXECTOS SELECCIONADOS NAS RESIDENCIAS PARAÍSO 2024

Neste 2024, o programa ábrese nun novo espazo colaborador, a Casa da Cultura de Vimianzo. Alí, **Sergio Marey** levará a cabo unha residencia de creación para o seu proxecto *Todo o mundo é contra min-eh*, para a construción dunha peza performativa a partir do seu propio ensaio de investigación sobre o colectivo LGBTIQ+ na música tradicional galega publicado en 2023. Sergio Marey propón unha reflexión sobre a importancia de mirar ao folclore galego desde unha perspectiva queer, reivindicando a nosa cultura popular como un espazo de liberdade.

Xa no verán, a primeira das dúas residencias combinadas entre a Cidade da Cultura e o Salón Teatro / CDG en Santiago de Compostela acollerá o proxecto *Do outro lado*, dos creadores galegos **Fran Rodríguez e Brais Pombo**. O proxecto ofrece unha mirada ecoloxista –a cabalo entre a linguaxe audiovisual e a escénica– para afondar na tensión entre capitalismo, territorio e comunidade, coa revolta veciñal acontecida nos anos 80 na aldea de Traspuelas (Fornelos de Montes, Pontevedra) como telón de fondo.

A continuación, a bailarina e creadora aragonesa **Ana Cotoré** será a segunda artista residente entre a Cidade da Cultura e o Salón Teatro / CDG co seu proxecto *No necesito un nombre para ser mascota*. Nesta residencia de creación, Cotoré traballará nos conceptos de domesticación e cansanzo dentro do sistema capitalista, en xeral, e do sistema da arte, en particular, coa saúde mental como foco de atención.

No marco da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia (MIT) desenvolverase unha residencia na Igrexa da Madalena co colectivo madrileño **Desgarradura** –do que forma parte o galego Lucas Ares–, para o seu proxecto *The miracle worker*. Trátase dun proxecto de creación no que construír un dispositivo escénico capaz de imaxinar o milagre do reencontro arredor dos conceptos de fogar, familia, recordo e perdón, contrastando o traballo co vídeo en directo en espazos non convencionais.

A artista galega **Noela Covelo** e a francesa **Élise Moreau** –afincadas en Barcelona– serán as artistas residentes do Pazo da Cultura de Pontevedra co seu proxecto *En esta sala hay magia*. Con este proxecto de investigación que indaga nos mecanismos do xénero da ópera –cunha perspectiva experimental a partir da obra de *A fruta máxica*–, as artistas traballarán paralelamente nos campos sonoro e coreográfico.

Por outra banda, O Vello Cárcere de Lugo será o espazo de residencia da creadora escénica galega **Cris Balboa** para o seu proxecto *Sinte*, no que autobiografía e a música electrónica mestúranse nunha viaxe desde a fragilidade á celebración.

Pola súa banda, O Vello Cárcere de Lugo acollerá a investigación performativa *Hydra*, do creador uruguayo afincado en Lisboa **Lucas Damiani**. *Hydra* é un proceso de investigación que vai na procura dun encontro íntimo con materias en estado de transformación; unha paisaxe líquida de corpos, sons e materias que revelan o desexo e as súas oscilacións co xeo como elemento de estudo.

O investigador cubano afincado en Madrid **José Ramón Hernández / Osikán - vivero de creación** mergullarase no seu proceso de creación titulado *Eyilá ashé ebbora - archivo vivo de resistencia* no Pazo da Cultura de Carballo. É un proxecto de creación escénica que explora a espiritualidade como potencia política para a transformación social. Inspírase nos saberes subalternos das persoas afro, trans, racializadas e migrantes do sur global e os feminismos negros que se están producindo en España.

E, para rematar, as residencias Paraíso estarán no Pazo da Cultura de Narón con *Sobre o extravío ou a arte de perderse*, da creadora galega **Furia Sotelo**, que volve a deixarse dirixir pola dramaturga Ana Vallés nun novo proxecto en formato solo, no que estarán acompañadas pola música Camille Hedouin (Mounqup) e a deseñadora de luz Laura Iturralde.

### **MÁIS INFORMACIÓN SOBRE AS RESIDENCIAS PARAÍSO**

Residencias Paraíso é un programa de residencias artísticas deseñado e coordinado por Colectivo RPM co apoio de numerosas institucións, en activo desde o ano 2017. A través dunha convocatoria anual, acompañanse distintos proxectos en residencia de artistas galegas, estatais e portuguesas vinculadas á danza e as artes vivas en colaboración con distintos espazos de Galicia. Estes espazos acollen aos artistas en residencias de investigación, creación e técnicas.

A convocatoria anual das Residencias Paraíso publícase a comezos de ano e deixa aproximadamente un mes para a recepción de propostas. Está aberta a artistas galega/os, estatais e portuguesa/es. As e os artistas seleccionada/os na convocatoria realizan unha residencia de entre dúas e tres semanas no espazo de acollida e reciben unha dotación económica de entre 1.500 e 3.000 €, segundo as necesidades do proxecto.

Paralelamente, en diálogo coas e cos artistas, deséñase unha programación expandida específica para acompañar cada unha das residencias. Este concepto de programación expandida fai referencia aos desbordamentos naturais de cada proceso de creación cara á comunidade. Nalgúns casos, actívanse mostras abertas dos procesos, prácticas de corpo, grupos de traballo, laboratorios de creación, conferencias, etc.

Os proxectos seleccionados poden estar en distintas fases, é dicir, pódese participar cun proxecto de investigación, un proxecto de creación ou para realizar unha residencia técnica. Cada ano, a finais do mes de setembro, organizamos un encontro coas artistas Paraíso da edición en curso na Illa de San Simón. Este encontro é unha convivencia de tres días, un espazo compartido entre artistas Paraíso, socias-amigas de Colectivo RPM, persoas vinculadas á rede de espazos colaboradores e profesionais independentes. Colectivo RPM documenta en vídeo cada un dos proxectos, xerando un arquivo histórico que se amplía ano tras ano.

Residencias Paraíso vai na procura de artistas de danza e artes vivas preocupadas e ocupadas polas derivas do seu tempo. Pretende fomentar a aparición de novos proxectos de investigación e creación arredor das novas linguaxes contemporáneas, alimentando o campo de acción da comunidade artística do noso territorio, tanto a que xa existe como a que está por chegar. Normalizar o concepto de residencia artística resulta fundamental para o presente e o futuro das políticas culturais en Galicia, porque significa atender e respectar o espazo e o tempo dedicado á investigación artística, o verdadeiro xerme de todo o que virá.

O maior valor de Residencias Paraíso é que sucede grazas a unha rede que atravesamos de norte a sur o noso territorio a través da colaboración de espazos de distinta natureza, desde teatros ou centros culturais até espazos non convencionais. O exercicio de diálogo entre todas as partes (impulsores, coprodutores e espazos cómplices), dota dunha identidade singular ao programa.

Ao longo da súa historia, nas Residencias Paraíso participaron artistas e colectivos como Brigitte Vasallo, Clara Pampyn, Luísa Saraiva, Fernando Epelde, Marcia Vázquez, Natalia Fernandes, Hermanas Gestring, Diego Anido, Compañía Elahood, Andrea Quintana, Alejandra Balboa, María Roja ou Laila Tafur, entre moitas outras.

Residencias Paraíso é un proxecto de Colectivo RPM en colaboración coa Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Industrias Culturais. Está coproducido pola Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua do Concello de Lugo, o Concello de Pontevedra, o Concello de Vimianzo, o Concello de Carballo, o Concello de Ribadavia e a Fundación Cidade da Cultura de Galicia. E conta cola colaboración do Centro Dramático Galego, o Centro Coreográfico galego, O Vello Cárcere de Lugo, o FIOT – Festival Internacional Outono de Teatro de Carballo, o Pazo da Cultura de Narón e o Padroado da Cultura do Concello de Narón.

## **SOBRE O COLECTIVO RPM**

Colectivo RPM é un colectivo de artistas vencellados á danza e ás artes vivas que imaxina, diseña e acompaña proxectos contextuais desde Galicia. Manteñe un claro compromiso polo diálogo interinstitucional e co impulso de iniciativas ao redor da creación contemporánea, a investigación e a visibilidade da comunidade artística da danza e as artes vivas. Ademais do acompañamento de artistas e procesos, o colectivo tamén xera diálogos e accións coas comunidades locais para achegar a práctica artística á cidadanía. Dentro das liñas de acción do Colectivo RPM destaca o programa Residencias Paraíso -construído cunha rede de teatros e espazos cómplices en Galicia- que lanza unha convocatoria anual para acoller en residencia a distintos artistas ao longo do ano, despregando unha serie de programacións expandidas abertas ao público. Este programa esténdese fóra de Galicia na liña Cruceiros Paraíso que posibilita abrir liñas de colaboración con outros espazos estatais e internacionais.

**CONTACTO DE PRENSA**

*The Office Comunicación*

Luisa Castiñeira

Tel. 620 113 155

[luisa@theofficeco.es](mailto:luisa@theofficeco.es)

**MÁS INFORMACIÓN**

<https://www.colectivorpm.gal/>

**DESCARGA DO KIT DE PRENSA**

(Nota de prensa, bases da convocatoria, resolución, fotografías en alta e outros materiais de difusión)

<https://drive.google.com/drive/folders/1yvaQATSBdp6KmvYsr4s--h4EvDE-VzV7?usp=sharing>